



I PREMIO LUÍSA VILLALTA

a iniciativas normalizadoras
na Universidade da Coruña

★

Emigrar en terra propia 05

Limiar 07

Primeiro premio 09
Categoría deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Segundo premio 17
Categoría deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Terceiro premio 25
Categoría deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Anexo 1 47
Convocatoria do “I Premio Luisa Villalta” a iniciativas normalizadoras na UDC

Anexo 2 51
Resolución do “I Premio Luisa Villalta” a iniciativas normalizadoras na UDC

I PREMIO LUÍSA VILLALTA a iniciativas normalizadoras na Universidade da Coruña

Emigrar en terra propia

É ben sabido que somos xente emigrante. Pero o que poucas veces se pensa é que para emigrar non fai falta moverse do sitio. E isto é o que nos pasa a nós, que somos emigrantes, saíamos da terra ou non.

O que acontece coa lingua é todo un síntoma do que estou dicendo, e até nen creo que sexa o único, pero si o máis dramático. Cóntanme dunha muller, amiga da nai dun alumno non moi estudoso, que se aprestou a darlle un consello: “Que non faga o tonto. E total p’ra que quere o teu fillo o gallego? Co gallego non pasa de Astorga!” Como se o rapaz tivese xa feita a maleta. E para ser de Burela a muller aínda atinou bastante ben, cando menos en dirección Madrid, ela que nunca precisou tampouco de ir aí moi lonxe. Paréceme un exemplo elocuente dun sentir extendido. A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal e, como moi ben nunca andan tampouco, pois hai que poñerse, por se acaso, permanentemente en camiño, non sexa que quedemos atrás. E falo en plural porque hai un nós colectivo que ten asimilado este significado do recambio lingüístico. Mesmo eu diría que en xeral as familias, sentíndose parte deste exilio común, acusan solidariamente, como un clan no que non hai vontades nen liberdades individuais, a precisión de deixar os fillos ao outro lado dese río invisíbel, interior e metafísico, que chaman progreso, esquecidos da culpa rural e renacidos sen mágoa ao maremagnum urbano, sen pai nen nai nen pasado nen historias de vellas, tal como se os tivese parido a

televisión. Máis que sangrado imparábel do noso espírito colectivo, creo que as cotas actuais de desuso do galego son a alarmante cuantificación dun éxodo. A perspectiva real ou imaxinaria de que a vida sempre está noutra parte fixo arraigar en nós o lado máis desestabilizador e debilitante da modernidade.

Mais emigrar é non perder nunca de vista a posibilidade do retorno. E só se pensa seriamente en retornar cando as cousas, xa do outro lado, van moi ben ou van moi mal. Non sei se é un ou outro o motivo, pero a meirande parte de usuarios voluntarios e conscientes do galego son, somos, retornados con vontade de ficar. O único que falta é que a vida poda estar sobre todo aquí, alentando e facendo posíbel un masivo regreso.

Luís Vallalta, A Nosa Terra

Estas palabras de Luísa Villalta son o pórtico perfecto para este opúsculo onde se recollen os textos que gañaron o I Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras na Universidade da Coruña que organizou no ano 2004 o Servizo de Normalización Lingüística desta universidade, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística. E afirmamos isto, porque alén de incluíren interesantes reflexións sobre os preconceptos que impiden o normal desenvolvemento da lingua galega e de visibilizaren o proceso de substitución lingüística que calquera persoa que observe a realidade do noso contorno pode constatar, ofrecen unha esperanzada alternativa a esta situación, que se centra, xustamente, naquilo que pretende a convocatoria deste premio, conseguir usuarios voluntarios e conscientes do galego. Neste sentido, entre os obxectivos desta convocatoria está o de promover a reflexión sobre a situación da lingua galega na universidade e a implicación dos diferentes sectores que conforman a comunidade universitaria, nomeadamente o estudantado, en canto que nel residen as maiores posibilidades de cambio e de futuro.

Por outra parte, a universidade foi sempre un espazo de creación e de innovación, onde se xestaron iniciativas e se propuxeron alternativas de transformación social. Aproveitar os recursos humanos e técnicos do sistema universitario galego para propiciar debates e impulsar proxectos que teñan como obxectivo o fomento da ampliación de ámbitos de uso da nosa lingua e a reflexión sobre a necesidade de contribuír, desde a investigación e os traballos sobre planificación e dinamización lingüística, ao proceso de normalización do galego é un deber da institución que supón a necesaria imbricación co contorno sociocultural en que desenvolve as súas tarefas.

Cómpre, finalmente, salientar, como primeiro froito da expectativa que xerou este premio entre a comunidade universitaria galega, que a segunda edición, convocada no ano 2005, foi xa realizada conxuntamente polas tres universidades galegas, que teñen a intención de continuar con este labor colectivo e de aproveitamento dos recursos no deseño dunha política lingüística que atenda a especificidade de cada unha das tres institucións do sistema universitario galego mais que camiñe sempre no mesmo obxectivo común de consolidar e ampliar a presenza da nosa lingua no ámbito da educación superior.

Agardamos que este premio sirva para estimular a reflexión e a investigación sobre a realidade sociolingüística galega e para que cada vez máis persoas sintan próxima a posibilidade do retorno.

Goretti Sanmartín Rei

Directora do Servizo de Normalización Lingüística da UDC

1

Primeiro premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Profesionaliza a túa lingua

A campaña Profesionaliza a túa lingua está concibida para conseguir dunha maneira real e efectiva o uso do galego, fundamentalmente a través da asociación a ámbitos de prestixio, neste caso ao ámbito laboral.

Somos conscientes de que é unha campaña ambiciosa, tanto pola repercusión que pretende como polo gasto económico que suporía; mais despois de vinte anos de Lei de normalización lingüística e múltiples campañas dinamizadoras do noso idioma desde institucións, asociacións..., e contrastando os datos dos últimos estudos compróbase aínda a persistencia de prexuízos cara ao galego. É significativo o traballo *O galego segundo a mocidade*, onde esta lingua continúa a ser asociada a contextos máis íntimos e de baixo poder adquisitivo e cultural . Vese, por tanto, que a efectividade foi, cando menos, escasa.



É por isto polo que consideramos precisa unha actuación inmediata que asocie definitivamente o galego en eidos onde parece ficar relegado. Para isto é necesario que institucións como as universidades –neste caso, a Universidade da Coruña– axuden a incorporación do galego en ámbitos prestixiosos ou prestixiados onde estas se insiren.

Contexto

A Universidade da Coruña aséntase nas cidades de Ferrol e A Coruña, dúas das urbes máis desgaleguizadas do país, segundo datos recollidos por Henrique Monteagudo : o monolingüismo (fala só galego/ máis galego) redúcese a un 40,36% e a un 33,63%, respectivamente. Chama especialmente a atención na cidade da Coruña a baixa porcentaxe do uso do noso idioma fronte á capacidade para o falar (60,39%, unha diferenza de 26 puntos); porén en Ferrol a distancia é menor (43,21%, unha diferenza de 3 puntos). Aínda que non hai na actualidade unha análise que reflecta as razóns do exíguo uso do galego nestas cidades e deste desnivel entre coñecemento e uso que se detecta especialmente na Coruña, nós consideramos que un dos motivos básicos é a persistencia de prexuízos cara ao idioma que dificultan un uso normalizado deste. Partíndomos deste contexto, faise evidente a repercusión deste feito nas institucións que aquí se establecen e que non son alleas a esta realidade social e lingüística urbana. En concreto na Universidade da Coruña compróbase que o uso do galego se sitúa porcentualmente en torno ao 13% . Observándonos máis pormenorizadamente os datos desglosados, comprobamos que é o estudantado o sector que máis usa o galego na interacción entre os tres grupos da comunidade universitaria (15,89%), mentres que o

Persoal Docente Investigador (PDI) é o que menos o emprega (10,96%), ficando o Persoal de Administración e Servizos (PAS) nunha situación intermedia (12,93%).

Neste estudo tamén se recollen datos sobre o uso do galego noutros ámbitos dos falantes da Universidade da Coruña, como o familiar e o local. No primeiro caso a media sitúase arredor do 28%, sendo o alumnado quen máis o emprega (34,91%). Repítese esta situación no segundo onde a media é do 19%, volvendo a ser o alumnado o colectivo cun uso maior (24%). Dexergamos, por tanto, que o galego segue a ter un maior emprego nos ámbitos máis íntimos dos falantes, descendendo considerabelmente na función laboral, establecida como a de maior prestixio social.

A universidade foi e segue a ser unha institución de prestixio, creadora de modelos sociais onde converxen referentes económicos, culturais e lingüísticos que tenden a ser imitados pola sociedade no seu conxunto. Por tanto, a potenciación do uso do galego asociándoo a patróns de prestixio repercutirá a favor da lingua en todos os ámbitos.

Dirixida

A nosa campaña está dirixida inicialmente a todos os membros da comunidade universitaria: alumnado, PDI e PAS. Dentro desta heteroxeneidade sería conveniente incidirmos no colectivo estudantil, xa que os datos demostran que é este o que máis emprega o galego en todas as funcións e onde se constata maior desnivel entre elas.

Non obstante, ao ser esta unha campaña con presenza nos medios de comunicación, a recepción non ficará reducida a esta comu-



nidade, senón que será extensiva á maior parte da sociedade galega. Para obter unha maior eficacia e cohesión deberase procurar a colaboración entre as tres universidades galegas, ademais da participación da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Recursos

Elaboración e/ou difusión de vocabularios terminolóxicos, aproveitándonos os xa existentes (p. e.: Buscatermos da USC)

Trípticos divulgadores destes vocabularios específicos para cada carreira, e tamén de léxico administrativo para os PAS.

Cartaces, marcapáxinas, autocolantes.

Profesionais cualificados/as para desenvolveren os obradoiros de potenciación do uso do galego en ámbitos específicos de estudo: humanístico, tecnolóxico, ciencias da saúde...

Axencia de publicidade para realizar o deseño e divulgación da campaña por medio de anuncios nos medios de comunicación (radio, internet, televisión e prensa).

Páxina web dependente do Servizo de Normalización Lingüística.

Obxectivos xerais

Estabelecer un uso normalizado oral e escrito do galego dentro da comunidade universitaria, ampliándose no posíbel a toda a sociedade galega.

Asociar o galego a ámbitos de prestixio.

Obxectivos específicos

Incrementar o uso do galego nos ámbitos de estudo e na investigación na universidade.

Aumentar o uso do galego no ámbito laboral naqueles grupos onde se constataba un maior desnivel a respecto do ámbito familiar e local.

Mostrar o galego como lingua de progreso ao estar ligada ao ámbito publicitario e das novas tecnoloxías.

Actividades

Obradoiros “Profesionaliza a túa lingua”: Consistirán en talleres de 2 ou 3 días onde un/unha profesional traballará activamente o uso do galego oral e escrito no seu ámbito de estudo, que será preferentemente exemplo das titulacións impartidas na Universidade da Coruña. De se conseguir a colaboración entre as tres universidades farase extensíbel a todas as titulacións galegas. Tamén haberá obradoiros específicos para o PAS.

Trípticos divulgadores de vocabularios específicos para cada carreira, e tamén de léxico administrativo para os PAS.

Páxina web dependente do Servizo de Normalización Lingüística onde se presenta a campaña ademais de facilitar o acceso a todo o material –especialmente aos léxicos terminolóxicos.

Anuncios en prensa, radio, internet e televisión que mostren un profesional de cada ámbito de estudo empregando o galego na súa actividade laboral cotiá.



Periodización

A campaña está concibida para unha duración total de catro meses. En calquera caso a duración é aproximativa, dependendo sempre das necesidades e demandas obtidas.

1º. Presentación da campaña na Universidade da Coruña a través do Servizo de Normalización Lingüística cunha convocatoria aos medios para a difusión da iniciativa.

Presentación da páxina web.

2º. Distribución de autocolantes, trípticos e fixación de cartaces.

3º. Aparición nos medios da campaña publicitaria, cunha duración estimativa de 2 ou 3 semanas.

4º. Desenvolvemento dos obradoiros entre 3 ou 4 meses.

5º. Realización dunha avaliación final 2 ou 3 meses despois da conclusión da campaña.

Quen

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña sería o encargado de desenvolver este proxecto e propiciar a colaboración con outras institucións como:

O Servizo de Normalización Lingüística da USC

O Servizo de Normalización Lingüística da UVI

A Dirección Xeral de Política Lingüística

Orzamento

Só posuímos datos orzamentais dos gastos de prelo, xa que non se nos facilitaron os orzamentos das axencias publicitarias para o que respecta ao plano mediático da campaña.

As cantidades están calculadas para a actuación na Universidade da Coruña. De se ampliar ás tres universidades, incrementaríase a cantidade e o prezo unitario reduciríase.

Cartaces	150 unid.	300	70 x 50 cm.	A cor
Trípticos	1000 unid.		160	A4. A cor
Autocolantes	1000 unid.		100	A cor
Marcapáxinas	1000 unid.		240	A cor
Total	800		I.V.E. non incluído	

Avaliación

O estudo de Álvarez Sousa mostra un grao de conformidade co fomento do galego nas facultades entre os tres colectivos da comunidade universitaria do 73%. Este dato favorábel sérvenos como avaliación inicial da boa receptividade que podería chegar a ter a nosa campaña; mais é preciso facermos un seguimento da evolución ademais dunha avaliación final.

O seguimento farase a través de cuestionarios recollidos nos obradoiros, valorando as visitas á páxina web e tamén unha enquisa da repercusión da campaña mediática.

A avaliación final realizarase á fin da campaña valorando todos os datos recollidos anteriormente, ademais dunha enquisa global que terá lugar meses despois da finalización deste proxecto.



16 LUISA VILLALTA

Fátima Babío Vecino
Emilio Xosé Cambeiro López
Antonio Iglesias Mira
Xoán Luís López Viñas
Beatriz Vilaverde Santamariña

2

Segundo premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Bebe do país: móllate coa lingua

Recentemente, acaba de saír á luz un estudo sobre o uso do galego na Universidade da Coruña dirixido polo profesor Antón Álvarez Sousa e presentado nas xornadas Lingua e cidade, levadas a cabo polo Servizo de Normalización da UDC en colaboración coa Real Academia Galega. Á vista do que neste estudo vemos, podemos salientar varios puntos a ter en conta para a nosa proposta:

1. O profesorado é o sector menos galeguizado dos tres que compoñen a comunidade universitaria (alumnado, PAS, profesorado), empregando a lingua do país só un 9.21% nas súas alocucións co alumnado a pesar de que un 58.84% declara saber falalo.

2. O sector do persoal de administración e servizos é o que presenta un maior nivel de usos do galego escrito (31.12%) algo ao que contribúe o emprego do galego na administración da universidade. Polo contrario, os seus números decaen no que respecta á diferenza entre o número de PAS que di saber ler en galego (92.15%) e o que di saber escribilo (70.60%) dos que declaran saber falalo (68.82%).

3. Pola súa parte, vemos que moito do alumnado galego falante que declara empregar o galego no ámbito familiar (34.91%) abandónao ao chegar á universidade e á hora de se dirixir ao profesorado, pois só un 12.79% emprega a lingua galega cos docentes. Un dato moi importante a ter en conta é que malia a un 82.99% declarar saber escribir na nosa lingua, só un 9.60% o emprega de maneira escrita. En vista dos datos que nos ofrece o estudo sobre o alumnado, podemos adiantarnos a dicir que a nosa Universidade vive nunha situación de diglosia, algo que debemos intentar frear mediante políticas lingüísticas de potenciación da autoestima cara á lingua e cara ao país.

Á vista de todo o exposto, podemos tirar as seguintes conclusións:

A necesidade de potenciar o uso oral e escrito do galego no ámbito do profesorado, preferentemente no que á exposición nas aulas se refire, por estar demostrado a través de numerosos estudos que cando un profesor/a emprega o galego nas súas aulas o alumnado responde cunha maior participación nesta lingua, deixando de lado os prexuízos lingüísticos aos que tería de facer fronte se o profesorado empregase o español nas aulas. É desde o profesorado de onde hai que partir para acadar a normalidade lingüística, pois deles depende en maior grao que o alumnado esperte o seu sentido crítico, ademais de que é este sector da universidade o que debe actuar de modelo lingüístico para o alumnado na medida do posíbel.

Vinculado con este punto, débese, así mesmo, intentar frear a diglosia no alumnado que abandona o galego nas facultades. Está claro que debemos intentar que o alumnado español falante “se pase” ao galego, cousa complicada nun contorno como o da comarca da Coruña ou de Ferrol. Mais para alén da dificultade que isto supón, temos tamén a dificultade engadida de potenciar a lingua naquel universitario que, aínda sendo galego falante, pensa que o seu idioma non pode ser vehículo de transmisión de coñecementos na Universidade, algo que no caso da UDC se acentúa,

como dicimos, pola intensa españolización que dentro e fóra das aulas experimenta o seu alumnado, así como pola situación social do contorno en que se atopa a institución.

Obxectivos

É neste punto onde queremos actuar: na implicación do profesorado co galego e na do alumnado, tanto os que non o empregan habitualmente como os que o empregan de maneira diglósica, sen excluírmos, desde logo, o alumnado que o emprega de maneira habitual, aos que lle hai que dar expectativas de futuro e ao que hai que coidar como modelo a seguir, potenciando as súas cualidades lingüísticas no sucesivo e abríndolle os ollos cara ás posíbeis vantaxes deste coñecemento do galego no seu futuro profesional.

Neste sentido, o que nós propoñemos é facer reflexionar ao alumnado que non está instalado no galego sobre a súa escolla lingüística, ofrecéndolle unha outra opción: a da lingua propia do país. O importante é facerlle ver que o galego é válido para calquera ámbito, que ten autonomía de seu e que por tanto debería ser vehículo de transmisión normal dentro do sistema universitario galego. É deste xeito como nos podemos facer valorar no mundo, e como podemos potenciar as nosas cualidades de país, fornecéndonos dunha identidade común para poder progresar dentro da diversidade lingüística mundial.

Metodoloxía

Para acadar os obxectivos que nos propoñemos, actuaremos en dúas fronteas, que como xa levamos dito serán principalmente a do profesorado e a do alumnado da Universidade da Coruña. A nosa

proposta de actuación é a seguinte:

1) Difusión de propaganda onde se incluírán os lemas da campaña, “Bebe do País: móllate coa Lingua” dirixido ao profesorado e a un público máis amplo, e “Usa a lingua: liga co galego”, dirixido preferentemente ao alumnado e en xeral, a un público máis novo. Ambos os lemas poderán acompañarse de deseños gráficos que fagan máis vistosa a súa presenza nos centros universitarios, de maneira que se acheguen potencialmente a un maior número de persoas. Isto implicaría buscar un deseño atrevido e orixinal que ademais de se adecuar ao tema da campaña busque implicar ao alumnado. Sería bo levar a cabo un convenio de colaboración entre o ámbito da lingua e o ámbito gráfico (deseñadores, debuxantes, etc) xa que conxuntamente se poderían acadar grandes beneficios para a campaña, ademais de facer que o resultado final sexa moito máis vistoso. De saír ben, en anos posteriores poderíase repetir a experiencia renovando os cartaces ou calquera outro tipo de elementos de propaganda a través das ideas do alumnado, por exemplo, creando un premio de deseño gráfico ou de fotografía para incorporar a este tipo de campañas vinculadas ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

2) Potenciar unha imaxe da lingua e do país lonxe dos tópicos paisaxísticos e folclóricos promocionando unha outra imaxe dinámica e innovadora dos produtos que podemos ofrecerlle ao mundo desde o ser galego e en galego. Neste sentido, sería moi importante elaborar material informativo e visual en consonancia co exposto e proxectalo para que chegue ao maior número posíbel do alumnado. O que se pretende con esta medida é fornecer ao estudantado galego dunha serie de motivos que lle faga sentirse orgulloso da identidade que posúe, elevando a autoestima de grupo que está detrás dos procesos de rexeitamento e auto-odio cara á lingua e cara á especificidade do país que derivan nos procesos de diglosia experimentados nas aulas.

3) Intentarase potenciar o uso do galego entre os docentes por medio de cursos de iniciación ou perfeccionamento dos que se informará pertinentemente e nos que o profesorado poderá adquirir maior seguridade oral e escrita na lingua galega. Está claro que para estes cursos acadaren o éxito necesario deberían ir respaldados por unha política orzamentaria consecuente cos obxectivos lingüísticos que se pretenden, e en vista de que é unha cuestión que podería resultar dificultosa para a UDC, pódese optar tamén por enviar trípticos explicativos da situación a cada profesor-a para así conseguir un maior grao de coñecemento e implicación deste sector da universidade. Mentres o Plano de Normalización Lingüística da UDC non estea elaborado, a implicación dos diferentes decanatos será moi necesaria para que os profesores de cada centro se acheguen ao galego, así como para que se cumpra o “Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña” recentemente aprobado. O diálogo e a implicación con este colectivo é imprescindible e debe ser prioritario desde o Servizo de Normalización Lingüística para que a campaña de promoción da lingua galega sexa exitosa.

4) Unha maneira de se achegar ao alumnado é dedicando un tempo para lle explicar detalladamente que é o Servizo de Normalización Lingüística da UDC e cales son os obxectivos que pretende acadar no ámbito universitario. Para levar a cabo isto, o que nós propoñemos é basearnos no que o Servizo Galego de Saúde leva facendo ano tras ano en todas as facultades e centros universitarios para concienciar o alumnado do importante que é a doazón de sangue, cun éxito formidábel. Deste modo, sería bo achegar a cada aula unha persoa encargada de lle explicar ao alumnado todo o referente ao Servizo de Normalización e á campaña de promoción da lingua, así como outros aspectos que sexan pertinentes para cada caso, repartindo un folleto ou tríptico onde se faga fincapé na necesidade de potenciar a lingua galega nas aulas, nos exames, e sobre todo, no día a día da comunidade universitaria.

Sería moi pertinente, aliás, elaborar talleres onde en grupos activos se lle explique aos participantes as causas do conflito lingüístico existente na Galiza, os motivos históricos, e os riscos dunha práctica diglósica na universidade, e en xeral, na sociedade. Que vexan de primeira man o que ocorre na “vida real”, que observen na práctica diaria o que nos institutos de secundaria estudaron nas aulas de lingua galega. En resumo: o que se pretende é abrir o debate entre o alumnado (preferentemente no de primeiro curso) e espartirle o sentido crítico cara aos aspectos lingüísticos e culturais, mais tamén facéndolles ver que o galego é válido para todos os ámbitos sen exclusión. O resultado final destes talleres pode ser a creación dunha revista de periodicidade regular onde a participación do alumnado sexa fundamental e onde se lle dea acollida a todos os sectores da universidade e a todas as áreas.

Dado que estes talleres implicarían unha carga de horas importante (aínda que non debe ser excesiva), deberíanse de ofertar a un prezo asequíbel ou de balde, e validarse por créditos de libre configuración. O alumnado ao que irán dedicados será preferentemente o daqueles sectores menos vinculados ao galego na UDC, aínda que sen excluír a ninguén da comunidade universitaria.

5) Non está de máis advertir da preocupación xeral sobre o galego nas facultades técnicas, onde o nivel de usos é bastante escaso. Será nestas facultades e centros universitarios onde se faga maior fincapé nas necesidades de empregar a nosa lingua na Universidade. Neste sentido, debemos potenciar a lusofonía para que se eliminen os prexuízos que falan de que o galego é un impedimento para as relacións internacionais. Explicarlles aos discentes que podemos ser “entendidos” en países de lingua portuguesa e as relacións históricas que nos unen con eles. Para iso pódense levar a cabo charlas sobre as relacións comerciais ou científico-técnicas con países de fala portuguesa para que se vexan os resultados proveitosos dun achegamento a esta lingua por medio dun maior e mellor uso da nosa propia. Unha proposta algo arriscada, mais desde logo moi proveitosa, sería a creación de cursos de iniciación

ao portugués que fagan fincapé nas semellanzas entre galego e portugués dunha maneira práctica, para que o alumnado vexa realmente o que hai.

6) Un punto importante de actuación é o dos alumnos Erasmus. Para eles, a nosa lingua debe ser vista como un estímulo de integración no país que os acollerá durante o período escolar que pasen na Universidade da Coruña. Por este motivo, debemos integralos na nosa cultura e na aprendizaxe da nosa lingua, para o que sería pertinente tamén inicialos na lingua galega mediante a súa participación en cursos que lles sirvan para integralos no seu currículo.

Conclusións

Todo isto non debe ser máis que o comezo, un punto de partida, e non debe fosilizarse nunha actuación única. A loita polo uso do galego en xeral, e na Universidade da Coruña en particular, debe ser unha loita continuada, insistente, activada cada día e vinculada na medida do posíbel co maior número de institucións locais e nacionais, potenciando a diversidade lingüística e os beneficios que isto supón para a humanidade, onde os galegos nos atopamos por falarmos galego, por escribirmos galego e por pensarmos en galego. Por sermos diferentes, mais tamén por sermos como os outros, cos mesmos dereitos e as mesmas metas que os demais. Por todo isto debemos comezar a mollarnos co galego.

Silvana Castro García

3

Terceiro premio categoría
Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Proxecto irmandiño de aprendizaxe da fala

“Nunca se acaban as oportunidades. Poderíamos dicir que non temos présa por poñerlle o ramo ou por acadullar. Haberá quen diga que non saíu a tempo e haberá quen responda que as présas non son boas. Que todo o que sucede son tumbos de feira, como o día a noite, o vrao e o inverno ou a vida e a morte”.

Paio de Andrade

Máis alá do recoñecemento formal e político, e mesmo da liña de intervención desenvolvida polas institucións autonómicas e académicas, responsables da preservación, uso e desenvolvemento da nosa lingua, temos que constatar como realidade o progresivo debilitamento e perda do noso patrimonio oral e lingüístico.

Esta situación, en maior ou menor medida, todos e todas podemos percibila no día a día. Pero para os que necesiten datos, vallan como mostra as últimas análises sociolingüísticas, promovidas dende as propias institucións, que teñen encomendado o papel de preservar a boa saúde do galego, nas que se presenta un panorama nada optimista. Descoñecemento, minusvaloración e extinción

da diversidade lingüística e da vitalidade do galego son, desgraciadamente, os trazos principais do panorama actual.

Obviamente, e como se adoita subliñar, as causas son múltiples e complexas, pero o que non podemos deixar de preguntarnos e se os medios e estratexias utilizadas ata o de agora, como freo a unha dinámica de uniformización xeneralizada de todas as ordes da vida, incluída a lingua, foron efectivos, e se a relación eficacia-eficiencia nestes últimos anos está equilibrada.

É por todo isto, e sen ánimo de sermos alarmistas, polo que se precisa de propostas de intervención axeitadas, baseando esta eficacia na creación de contextos de aprendizaxe vivenciais, dende a emotividade e o lecer, dende a participación activa da mocidade na recuperación dunha visión do mundo próxima ás fontes da nosa lingua, á natureza, á comunicación entre distintas xeracións e realidades nas que se desenvolve o cotián dun pobo, tanto no momento presente coma no pasado.

A nosa vision

O labor de procurar a pervivencia da lingua e da cultura especialmente en comunidades pequenas como as parroquias, as comarcas ou países coma o galego, sometidos nos últimos anos á presión económica, ideolóxica e cultural das potencias, atópase en tal encrucillada que nos fai reflexionar sobre se realmente pode seguir sendo un motivo no que un se debe implicar.

A fala acaba por estandarizarse e desproverse dos trazos diferenciáis. Acaba perdendo os recursos que outrora eran imprescindibles para explicar o mundo. Fronte a isto, os falantes novos, e incluso

os non falantes, teñen o dereito a coñecer e usar o patrimonio lingüístico. Coñecéndoas e usándoas, ámanse as linguas. Despois a evolución natural ten a última palabra. O que de verdade non sirva, o que quede en zonas remotas e pola presión dos tempos só o utilice unha minoría, acabará desaparecendo ou adaptándose, coma calquera ente da realidade. Pero a intención é que isto non suceda pola falta de dispoñibilidade de ideas e instrumentos eficaces.

Ante esta situación de perda, non só no caso do galego, senón tamén doutras moitísimas linguas no mundo, mesmo a UNESCO está a completar a Lista de Patrimonio Mundial, co recoñecemento do Patrimonio Oral e Intanxible da Humanidade (18 de marzo do 2001). Segundo a definición do Organismo:

“Aínda que frecuentemente asociado aos sitios, monumentos e museos, o patrimonio cultural comprende tamén o patrimonio inmaterial, que se pode definir como o conxunto das expresións culturais e sociais que, herdadas das súas tradicións, caracterizan as comunidades. Estas formas de patrimonio inmaterial, transmitidas pola palabra e polo exemplo de xeración en xeración, están sometidas a un proceso de recreación colectiva. Son efémeras e, por ende, particularmente vulnerables.”

Así, unha lingua non é soamente un vehículo de comunicación. É unha visión do mundo. Nas linguas, coma no ADN das células, está contido o patrimonio de experiencias e significados dun pobo. Cando unha lingua morre “algo morre na alma” dun colectivo, como reza o dito popular.

A lingua propia é tamén espello de identidade, e como pasa a nivel de persoa, unha identidade sa baséase no autocoñecemento e querencia dun mesmo.

En contra dunha serie de crenzas, o mundo “globalizado” non fai incompatible a aprendizaxe de linguas hexemónicas, motivadas

pola competitividade e a comunicación global (por exemplo, que os cativos aprendan o inglés), co coñecemento e uso da lingua propia. Incluso se imos máis aló, e pensamos en termos estritamente economicistas o que “vende” non é a homoxeneidade, senón que é precisamente o diferencial o que está en condicións de contribuír con valores engadidos e achegas propias.

En último termo desexaríamos que este proxecto contribuíse a:

Que a mocidade deixe de coñecer vagamente a lingua, que a domine, que falada e por escrito, lle sirva de verdade, que poida ser unha ferramenta insubstituíble para camiñar con seguridade pola vida.

Que acabe falando en galego con fluidez, que se familiarice coa fonética e o acento, coa morfoloxía dialectal, coa sintaxe e co vocabulario. Non queremos imaxinar uns aprendices da lingua tendo que recorrer á fala, nun laboratorio, como se fai coas linguas estranxeiras.

Que sexa capaz de contar, de relatar feitos en base ás experiencias adquiridas. Vai ter a oportunidade de falar con xente maior, en moitos casos, excepcionais narradores e coñecedores de mundos insospeitados, de escoitar vivencias de todo tipo, experiencias increíbles de épocas pasadas, ante as cales un pode decatarse rapidamente de onde xorde a materia literaria. Van, por conseguinte aprender a novelar. O caudal inmenso de anécdotas que se van compartir na clase, pódelles servir para crear os seus propios textos. É moi importante que sexa cal sexa a profesión á que se vaian dedicar, dispoñan da capacidade de expresar con claridade as súas ideas, de tal maneira que sexa quen sexa o lector ou oidor das súas mensaxes, non teña dificultades para comprendelo.

Que enriqueza o seu espírito coa contemplación do creado: a natureza, o espazo físico, o clima (de onde vén o vento, as témporas...), a fauna, a flora, as cores, os olores, os sabores, os sons, o tacto das plantas ou da auga.

Que sinta admiración e respecto pola paisaxe rural e urbana, polo inventado polo pobo, produto da intervención sa sobre o medio: labores agrícolas tradicionais e modernos, a gandaría, a pesca, a silvicultura, os traballos artesanais e industriais. Tanto no campo coma nas cidades e vilas, hai moita xente disposta a compartir o seu saber.

Que desenvolva a investigación, a observación e o contacto coa realidade.

Que poida experimentar e valorar o marabilloso que é ver nacer un cuxo, facer un queixo, fender leña, sementar un morteiro.

Que sexa sensible ás cousas sinxelas, que con elas se pode sentir ben e en harmonía.

Que elabore o seu propio material didáctico, que lle permita, chegado o caso, ser el quen o expoña diante de calquera auditorio ou o divulgue de maneira espontánea, tal como el o asimilou.

Por todo isto, este proxecto diríxese non só a revitalizar o uso da nosa lingua, senón tamén a posibilitar a transmisión doutros xeitos de pensar e sentir. Preténdese así mesmo restablecer entre distintas xeracións, neste caso a mocidade e a xente maior, o que debería ser unha relación natural, e na que os vellos teñen moito que ofrecer. A chave desta proposta é facer ver á xente nova o patrimonio oral, como eles son donos dese patrimonio e como poden utilizalo.

Obxectivos xerais

Elaborar un dicionario sincrónico implicando a mocidade na súa construción, e na recuperación, coñecemento e uso do patrimonio oral da lingua galega.

Obxectivos específicos

Impulsar a posta en marcha dun proceso participativo de coñecemento da lingua no que estean implicados alumnas e alumnos da UDC e de centros de ESO, así como docentes da comunidade universitaria e escolar e outros axentes sociais.

Apostar porque a xente nova teña un coñecemento da realidade e da lingua a través dun modelo de aprendizaxe vivencial (significativo).

Promover as relacións interxeracionais, así como actividades de coñecemento e aprendizaxe conxuntas entre a mocidade e a xente maior.

Aproximar e transmitirle á xente nova as realidades do noso país (natureza, historia oral, refráns, tradicións etc.) que viñeron formando parte da nosa identidade como pobo.

Artellar ferramentas, metodoloxías e mecanismos para posibilitar dito proceso de educación e aprendizaxe participativo, vivencial e interxeracional da realidade a través da lingua galega.

Crear actividades e produtos, de tal forma que tamén supoña unha estratexia de difusión, sensibilización sobre o uso do galego, e adquisición de habilidades comunicativas por parte da xente nova que participe.

Liñas xerais do proxecto irmandiño de aprendizaxe da fala

Trátase de que alumnos da UDC informen e coordinen en centros de ESO un traballo de campo que consistirá en implicar a mozos e mozas de 12 a 16 anos, estudantes da ESO, na recuperación do léxico, unidades fraseolóxicas, refráns, microtoponimia así como nun reencontro coa realidade natural e artificial. Partimos do convencemento de que o que na aula se imparte é unha mínima porción dos coñecementos adquiribles. Pola contra, para desenvolver este proxecto precísase que o alumno sexa partícipe e protagonista do proceso de aprendizaxe.

Isto non supón un traballo engadido (aínda que poidamos consideralo unha actividade extraescolar e, por tanto e lamentablemente, xulgada como un complemento ás ensinanzas curriculares) senón a maneira máis natural e efectiva de coñecer a fala, o contorno e a cultura en definitiva.

Neste proceso participativo, que implica o traballo de campo, trátase así mesmo de que as novas xeracións tomen contacto coas vellas e acaben sentindo a fala como propia, como parte delas mesmas e, en definitiva, acaben falando a lingua con naturalidade. Indubidablemente os rapaces van ter que precisar de seus pais, familiares, veciños, descoñecidos, operarios, artesáns... Calquera persoa se pode constituír en fornecedora de coñecemento.

Preténdese buscar o compromiso e comunicación entre a comunidade escolar e universitaria cara ao obxectivo de introducir un profundo cambio no método de aprendizaxe da lingua e por extensión doutras áreas do coñecemento.



Como traballo de campo, non se trata, daquela, de realizar viaxes esporádicas, trátase de que exista unha continuidade diaria, un seguimento permanente do obxecto de estudo. A aula pode seguir sendo o lugar de reflexión, de intercambio de experiencias, o lugar en que todo o mundo tamén pode aprender, alumnos e profesorado. Aínda que esta nova actividade vai supoñer unha nova experiencia que pode chegar incluso a superar en importancia ao desenvolvido nas clases de lingua e doutras materias impartidas na aula.

Resumo dos compoñentes principais

Participación de alumnos da universidade e da ESO

Implicación de institucións académicas, escolares, Xunta de Galicia, Deputación Provincial, concellos e outras

Traballo de campo

Continuidade no tempo (proceso aprendizaxe vivencial)

Relacións interxeracionais

Actividade complementaria ao traballo das aulas, tanto do alumnado da ESO como do da universidade

Descrición do proceso, mecanismos e actividades para a consecución dos obxectivos

Como apuntamos nos obxectivos, trátase da elaboración dun dicionario sincrónico no que participarán profesores e alumnos de ESO e universitarios do chamado Arco Ártabro, aínda que tamén podería participar o resto da comunidade educativa da provincia da Coruña e mesmo de Galicia.

O proceso é o seguinte:

1. En principio enviarase unha circular aos claustros dos centros de ESO. A coordinación farana alumnos da universidade xunto co profesorado de secundaria interesado, independentemente da súa especialidade. A interdisciplinariedade é posible se se pretende unha aprendizaxe integral.
2. Elección dunha persoa coas ideas claras e a coraxe suficiente para arrastrar co seu exemplo a todos os implicados cara á consecución dos obxectivos. Será unha persoa que actuará como coordinador (nunca como xefe) e que velará por que en ningún momento se desvíe a atención do ben colectivo nin se interpoñan nefastos intereses particulares.
3. Posta en marcha do traballo de campo mediante a elaboración de fichas ou cadernos de campo. Neste proceso o alumnado da ESO e universitario terá a posibilidade de aprender de primeira man o caudal léxico máis próximo, daquilo que se refire á realidade en que están inmersos, que os conecta directamente co seu pasado e co seu presente. É a través da experiencia deste traballo de campo, do contacto directo coa realidade, como descubrirán o mundo e o interpretarán.



4. Cos datos obtidos elaborarase unha gran base de datos lexicográfica para a confección da cal se irán incorporando técnicos informáticos interesados tamén no idioma. Nesta base de datos figurarán campos suficientes para albergar toda a información que o alumno vaia recollendo cos seus cadernos. Talvez os estudosos da lingua estean interesados máis adiante neses datos. Que non nos esqueza que é a fala a que nutre a lingua.

5. Distribución da base de datos aos centros que participan, para posibilitar que teñan un modelo no que se especificarán os campos (entrada-palabra, frase-oración na que foi oída, contexto, informante etc.) Toda a información será considerada unha novidade polo cal non se dependerá demasiado de dicionarios, glosarios nin calquera recompilación de vocabulario feita no pasado. Incluíranse as instrucións de como recoller a información. Non se precisa máis cá atención do alumnado. Que os rapaces e rapazas collan notas e vaian facendo listaxes o máis completas posible.

6. Os datos, a medida que vaian chegando aos centros, utilizaranse como materia de estudo e reflexión, como unha auténtica forma de aprendizaxe. Serán motivo de comentario nas aulas co fin de vivenciar e integrar a información. Non se pretende só recoller material e arquivalo. Trátase de que todo o aprendido se vaia incorporando no día a día á memoria do conxunto dos alumnos tras o labor de intercambio de información.

7. A medida que se vaian recollendo os froitos (a competencia lingüística vaise ir incrementando en pouco tempo) pódense sumar APAS e asociacións culturais ou outras.

8. O alumno e o profesor debe considerar calquera dato rexistrado, calquera impresión recibida, por máis que se poida considerar realidade ou fala espurias, costumes importados recentemente, préstamos lingüísticos. Corresponderíalles en todo caso aos estudosos da lingua e doutras disciplinas determinar que é o propio.

9. En canto se teña un volume aceptable de datos pódense ir editando a nivel de centro, concello ou comarca, co fin de divulgalos, co fin de que moitas persoas que no seu día foron protagonistas por ser quen facilitaron información, vexan que o seu galego, elementos culturais galegos seus, aparecen nunha obra escrita. Con isto, o interese vai ir en aumento, a sociedade vai estar ao tanto, vaise sentir máis involucrada. Así mesmo, pódese crear unha páxina web na que se describa o proxecto, o proceso, os protagonistas, as publicacións etc.

10. Como difusión do proxecto, pódense utilizar outros medios como radios e televisións locais.

Pasos e compoñentes na elaboración das fichas e cadernos de campo

Unha ficha encabezada polo lema de que se trate, por exemplo, LIXUGAR, é sempre un campo aberto, sobre todo se partimos dun inicial descoñecemento da palabra, como ocorre cando un se inicia en calquera especialidade.

A primeira vez que a oímos de maneira consciente foi paseando por un camiño que había pouco que abrira unha escavadora. Das beiras dese camiño caeran algunhas ribadas por estaren cortadas verticalmente. E velaí que un neno se puxo a xogar coa terra, botándoa para abaixo cos pés e coas mans e por iso o reprenderon. Un vello dixo entón: “Deixádeo lixugar”. A palabra acaba de renacer, non a coñecíamos e agora xa a sabemos, ao gravar o momento, un contexto en que se pode utilizar e a ensinanza que encerra: o neno está descubrindo o pracer de ver esborrallarse a terra, de sentir o seu tacto húmido, a cor escura dela nas súas mans, o ruído que ela e as pedriñas fan ao caer.

A palabra e todo o que percibimos nese momento queda fixado na memoria pero é preciso anotalo nun caderno. Iso vainos servir. Máis adiante volvemos escoitala. A sensación é outra xa. Resulta unha sorpresa agradable. Trátase pois dunha palabra coñecida por máis persoas e iso fai que nos ilusionemos porque xa a estamos integrando na nosa consciencia. Xa forma parte de nós. Comézase a querer.

Nesta ocasión unha persoa falaba doutra a quen lle desgustaba saír da casa cos zapatos limpos e axiña que se vía bastante lonxe dela, sabendo que non o ían ver, “lixugábaos”. Decatámonos entón de que non é das palabras máis usuais e que “manchar” ou “ensuciar”, tamén empregadas en castelán, están facendo esquecer o noso “lixugar” e que as xeracións máis novas non o usan en absoluto. É o momento, daquela, de incorporala á fala diaria, sempre que se sinta a necesidade de facer algo bonito.

E esa intención vai existir porque o alumno que se involucre coa idea, cando atope unha palabra vaina vivenciar de tal maneira que a vai querer, que se vai ocupar dela. Oíuna, anotouna. Escribiu algo sobre o contexto e, se ese labor se pode logo comentar na clase, vai poder compartilo cos compañeiros -que se acaso tamén bateron con ela- e co profesor, quen, en moitos casos, por ser de fóra da comarca onde está o centro, non coñece a fala do lugar.

Se na clase de lingua se afonda máis aínda, pode explicarse que se trata dun verbo transitivo, é dicir, que se precisa alguén ou algo que sexa lixugado. Que tamén se usa como verbo intransitivo pero non pronominal porque, en principio, aínda non rexistramos caso ningún do estilo de mancharse ou ensuciarse, usos moi estendidos e tamén coincidentes co castelán, que están proliferando como pasa co verbo “empachar” que está sendo substituído nos falantes novos por “empacharse” nos contextos en que é un o que come en exceso.

A ficha, como vemos, a medida que pasa o tempo, pode ir ampliándose.

Noutra ocasión volvemos oír “lixugar” cando un home que cementara a eira da súa casa, se queixaba de que o formigón regañara por varios sitios, e mostrando as gretas, dixo: “estas heinas lixugar con cemento”.

Fomos, daquela, dándonos conta de que “lixugar”, aínda que significa “manchar” non leva aparelada a idea de algo negativo, como en principio poida parecer: o neno goza lixugando, o vello séntese mellor cos zapatos lixugados, as gretas na eira van desaparecer ao lixugalas.

Ante todo isto que imos asimilando, só nos falta integralo, empregar nós mesmos a palabra, difundila, e de paso, lixugar de cando en vez. Sentir tamén nós ese pracer.

Innovacións e valores engadidos do proxecto

Elaboración de dicionarios terminolóxicos, fraseolóxicos e das falas dos ámbitos parroquial, municipal, comarcal e incluso galego.

As persoas maiores van sentirse recoñecidas ao decatarse de que o seu lles interesa aos novos. É de todos sabida a queixa dos vellos e non tan vellos ante a actitude presuntamente indiferente da mocidade polas cousas de sempre.

Vanse introducir como parte fundamental do proxecto as Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación.



Vai supoñer a creación de produtos tanxibles e de ampla difusión, pero tamén intanxibles como é a posta en marcha dunha rede de persoas e grupos que “dinamicen” o proceso e o fagan seu.

Pedagogos, lingüistas, docentes e outros profesionais ou estudosos disporán dun proxecto que de xeito piloto os aproxime a metodoloxías de aprendizaxe viva e a un amplo “stock” de recursos do patrimonio oral.

Incidencia e impacto social, pola amplitude de persoas e institucións que participan, polo protagonismo que adquiren os involucrados.

Recursos necesarios

Bolsa de axuda aos estudantes universitarios que difundan, presenten e coordinen o traballo na comunidade escolar.

Curso específico encamiñado á formación e á capacitación dos alumnos da universidade para o labor encomendado.

Material de difusión (trípticos, carteis, cuñas publicitarias...)

Estudantes de enxeñaría informática que deseñen a páxina web e a base de datos (pode establecerse un convenio de colaboración con dita facultade).

Publicacións.

Material funxible.

Carta aos mozos e nenos que estean no proxecto

Como vemos, parece doado o labor. No intre de anotardes no caderno o que ides sentindo con relación ás palabras e á situación en que elas xorden, é coma se estivesedes incubando unha laranxeira ou enxertando un fatoeiro, xa non se perde a caste.

Se acaso xa o sabedes, pero recordámosvolos: moitas clases de maceiras, pereiras, cerdeiras desaparecen porque non houbo novos que continuasen co costume dos nosos antepasados de incubar e enxertar para que os herdeiros, nós, puidesemos gozar de tanta froita sabedora que a natureza nos dá. Se isto llo comentades á xente maior xa veredes como lles alumean os ollos ao recordar o olor e o sabor da froita madura.

Esta idea que vos ofrecemos non é nosa, insistimos, está na alma xenerosa do pobo. E vós ides ir comprobándoo cando vexades o interese dos maiores e da xente en xeral, no voso traballo, se vós amosades, como así vai ser, o mesmo interese. Eles van redescubrir con vós vellas e novas palabras. Oiredes comentarios de todo tipo, ante o que iredes sacando as vosas propias conclusións.

Só falta que vos poñades ao labor e en poucos días ides ir vendo como a vosa libreta vai ir engordando, como se vai convertendo nun gran tesouro. Os profesores van axudarvos. Todos eles o van facer cando se decaten da cantidade de cousas que estades aprendendo.

Pensade cando a vosa libreta e as de todos os compañeiros da parroquia, do concello, da comarca... estea chea das vosas notas! O que en principio non é máis ca un fío de auga irá paseniño converténdose nun regueiro que se xuntará con outros para formar grandes e caudalosos ríos, como así son os nosos ríos.

Cando os maiores que deciden teñan ante si o mar inmenso das palabras galegas, irán onda vós para pedirvos os vosos traballiños e os vosos nomes figurarán para sempre na historia dos pequenos que fixeron grandes cousas. Saberase entón que a lingua non está só nos libros de texto, na literatura ou nos dicionarios. A lingua está no pobo e na diversidade dela, está a riqueza.

Levade sempre con vós un boli e un papel para cando teñades ocasión de anotar aquilo que vos pode esquecer. En calquera momento, antes de ir para a cama se tal, pasades as notas á libreta. Ao facer memoria poderedes introducir comentarios. Moitas veces non recordaredes a frase completa en que apareceu a palabra, non importa. Podedes inventar unha se queredes e poñerlle un asterisco para que se saiba que se trata xa dunha idea vosa. E se tedes dúbidas, volvede falar coa persoa con quen estiveses ou con outra. Xa veredes como aparecen cousas novas!

Habrá persoas que, imaxinando equivocadamente que non coñecen a lingua, vos falarán en castelán. Aínda así anotade o que digan. Vai serviros. Todo o que oiades é valioso. Non obstante, se vedes que é un falante xenuíno da terra, animádeo a falar en galego, insistídlle en que o que di e como o di vos interesa moito. Vós saberedes como convencelo.

Saberedes como se arma un cesto ou un tellado, como se prepara un biscoito e cales son os ingredientes do amoadado das filloas, coñeceredes o ciclo vexetativo das plantas, diferenciaredes moitas especies de paxaros, distinguiredes a variedade das cores.

Mediante as palabras e unha observación atenta da realidade ergueredes a vosa propia árbore do coñecemento e darédevos conta de que aínda que todo ou case todo está nos libros, a sabedoría tamén está no pobo, un pobo que aínda que sexa iletrado en galego, coñece o micromundo no que se desenvolve todo o que se precisa para vivir en harmonía co medio. Vivir cómodo

coma as demais criaturas sempre que a senrazón non se apodere do seu espírito.

Lembrede que todo o mundo é necesario, todos sen excepción vides á Terra para aprender e para xogar coa beleza. A beleza das cousas materiais e inmateriais. As palabras ben empregadas conduciranvos cara ao encontro da demais xente que só quere a paz.

Categoría artigo xornalístico

**Os universitarios da Coruña e Ferrol en Galego
Quen quere a lingua de noso**

Semella natural e normal que cada un queira o que é propio de seu. Nós, os estudantes universitarios da Coruña e Ferrol, igual que a totalidade de galegas e galegos, gozamos da fortuna de posuír unha lingua de noso e, sabemos, como di o texto de Sempre en Galiza que “de todos os vencellos sociais dunha nación, a fala é o primordial e o esencial”. A lingua é un signo distintivo fundamental para a identificación persoal ou colectiva, no caso da galega, así o expresou Castelao “se aínda somos diferentes e capaces de existir, non é máis que por obra e gracia do idioma”. A lingua galega ten que ser o noso peculiar sinal de identidade, a particular identificación sen dúbida, debemos sentir un grande orgullo pola nosa posesión, porque permite establecer a diferenza entre nós e os outros, mais algo debe andar mal cando temos que nos preguntar quen quere a nosa propiedade, cando nin sequera estamos seguros de a querer nós mesmos, xa que nas nosas universidades así como no resto de Galicia non adoitamos usar sempre e en todas as circunstancias a lingua propia, atopando unha morea de situacións nas que temos por costume empregar unha lingua estraña, esquecendo ou rexeitando os nosos xiros, expresións, nexos, locucións... e tamén o xeito de responder as preguntas, non con si ou non, senón cun verbo conxugado ou mesmo con outra pregunta, risco senlleiro do noso falar, por exemplo, queres a lingua galega? Quero, ou por que non a vou querer?

Neste ano 2004, aquí estamos nós, a xente na que está depositado o porvir, non para dicir cómpre amañar isto, senón para o solucionar con feitos, actuando.

A miúdo vemos persoeiros que estalican o pescozo erguendo a cabeza, fachendeando con altiveza cando os recoñecen pola súa profesión, polo seu estrato social, polo dominio de idiomas alleos... mais, cantas persoas e personaxes enchen o peito cando as identifican galegas pola súa fala? Seguen a existir prexuízos ao respecto do galego, para algúns está relacionado co rural, non serve fóra de Galicia, non abre as portas ao mundo do traballo... mais, neste ano 2004, aquí estamos nós, a xente na que está depositado o porvir, non para dicir cómpre amañar isto, senón para solucionar con feitos, actuando; para comezar estaría moi ben seguir o exemplo dunha licenciada ponteareá que, no pasado mes de xullo, empregou a nosa lingua na Facultade de Filoloxía da Moncloa madrileña no acto de defensa da súa tese de doutoramento en Filoloxía Hispánica pola Universidade Nacional de Educación a Distancia, tendo tamén que dicir que polo seu labor acadou a máxima cualificación de 'sobresaliente cum laude'. Os futuros licenciados, doutores, catedráticos, ao imitarmos esta actuación estamos a evitar unha nenia para loar unha lingua morta e camiñamos na procura de cantar unha oda para gabar unha lingua morta e camiñamos na procura de cantar unha oda para gabar unha lingua viva; non sexamos odrados, talabartes, xirigatos, senón, pola contra, actuemos como fiucegos e afoutos loitadores en prol da nosa fala, facendo rexurdir o galego, embicadándoo e arrombándoo para que non mirre, manténdoo aceso e vivo para que volva ser o idioma empregado de forma natural e espontánea en todas as situacións públicas ou privadas, acadando a súa total normalización, e contribuíamos tamén a que a nosa literatura sexa tan fecunda que, do mesmo xeito que as cantigas medievais, se propale por moitos territorios e constitúa, de novo, un dos grandes tesouros da cultura universal. Nós, no contorno universitario coruñés e ferrolán, imos ser o exemplo de amor ao idioma propio,

querendo a lingua de noso, porque non podemos nin debemos esquecer que “aquel que ben non se estima, todos o teñen por menos”.

ANEXO 1

Convocatoria do **I PREMIO LUÍSA VILLALTA** a iniciativas normalizadoras na Universidade da Coruña

1 Obxectivos

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, convocan o I Premio Luísa Villalta a iniciativas normalizadoras na Universidade da Coruña cos seguintes obxectivos:

Promover a reflexión e a implicación da comunidade universitaria a respecto da situación do galego dentro desta institución.

Fomentar a investigación en temas relacionados coa planificación lingüística e apoiar o desenvolvemento de iniciativas innovadoras creadas por persoas que pertencen á nosa universidade.

Utilizar as potencialidades técnicas e científicas e os recursos humanos existentes na Universidade da Coruña.

2 Participantes

O concurso está dirixido a todo o alumnado de 1º, 2º e 3º ciclo de todas as facultades e escolas da Universidade da Coruña e centros adscritos, que poderá presentarse, en cada unha das dúas categorías previstas, de xeito individual, ou en equipos de até 5 membros da comunidade universitaria.

3 Categorías

Establécense dúas modalidades de convocatoria:

a) Artigo xornalístico

Premiaranse os 3 mellores traballos que, nun formato de artigo xornalístico (entre 500 e 1000 palabras), desenvolvan un tema relacionado coa defensa e promoción da lingua galega.

b) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Premiaranse os tres mellores traballos que desenvolvan, explicando paso a paso, unha iniciativa normalizadora orixinal que teña como obxectivo o fomento do uso de galego nalgún grupo ou sector ou no conxunto da cidadanía das comarcas da Coruña e/ou Ferrol.

Os traballos deberán contar cunha xustificación dos obxectivos que se perseguen, valorándose especialmente as posibilidades reais de se levar a cabo e a capacidade de ter incidencia social. A Universidade da Coruña comprométese a realizar a campaña gañadora, sendo propiedade desta institución e da Dirección Xeral de Política Lingüística os dereitos que se deriven do seu uso.

4 Tramitación

As solicitudes presentaranse a través do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña, quer no edificio da Reitoría na Coruña, quer na Vicerreitoría do Campus de Ferrol, dirixíndose ao Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

Para alén do sobre en que se incluírá o texto do artigo xornalístico ou da campaña de promoción do idioma, sen ningún tipo de sinatu-

ra e co nome da categoría a que se desexa concursar, deberá acrescentarse un sobre cerrado en que figurarán os datos (nome completo, facultade, centro ou escola a que pertencen, teléfono de contacto,...) da(s) persoa(s) que optan ao premio.

5 Prazo de presentación

O prazo fixado para a presentación das solicitudes será desde o 20 de abril de 2004 até o 10 de setembro* de 2004.

6 Premios

Para alén de seren editados os textos gañadores, a contía dos premios será a seguinte:

a) Artigo xornalístico:

500 euros ao traballo gañador

300 euros ao segundo

150 euros ao terceiro clasificado

b) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

800 euros ao traballo gañador

500 euros ao segundo

300 euros ao terceiro clasificado

7 Selección

O xuri estará composto por persoas de recoñecido prestixio nos ámbitos a que se refire a convocatoria. Para a selección dos traballos premiados teranse en conta os seguintes criterios:

*O prazo finalmente foi ampliado debido ás solicitudes recibidas



a) Artigo xornalístico:

Adecuación ao tema e xénero solicitado.

Clareza expositiva.

Calidade lingüística.

Contidos atractivos e orixinais.

Grao de incidencia no público receptor.

b) Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega:

Viabilidade da idea.

Incorporación de elementos de innovación e mellora tecnolóxicas.

Multidisciplinariedade e carácter transversal do proxecto.

Novidade e orixinalidade da iniciativa.

Calidade lingüística da exposición.

8 Avaliación e fallo

A data do acto de entrega e a composición do xuri comunicarase nos taboleiros de anuncios de facultades, escolas e centros adscritos coa debida antelación.

O fallo do xuri será inapelable e terá lugar dentro dos 30 días seguintes á finalización do prazo de entrega de solicitudes.

O xuri resérvase a posibilidade de declarar un ou varios premios desertos.

ANEXO 2

Resolución do “I PREMIO LUÍSA VILLALTA” a iniciativas normalizadoras na Universidade da Coruña

Reunido o xuri do I Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras na Universidade da Coruña, cuxa composición figura ao final desta resolución, decide conceder, tendo en conta os criterios enumerados na convocatoria para cada unha das modalidades —“Artigo xornalístico” e “Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega” — os seguintes premios:

1 Deseño dunha campaña de promoción da lingua galega

Primeiro premio
Profesionaliza a túa lingua

As persoas autoras deste proxecto son:

Fátima Babío Vecino
Emilio Xosé Cambeiro López
Antonio Iglesias Mira
Xoán Luís López Viñas
Beatriz Vilaverde Santamariña



Segundo premio

Bebe do País: móllate coa Lingua

A autora deste proxecto é:
Silvana Castro García

Terceiro premio

Proxecto Irmandiño de Aprendizaxe da Fala

O autor deste proxecto é:
Xosé Luís Martínez Alegre

2 Artigo xornalístico

Primeiro premio

Quen quere a lingua de noso

A autora deste artigo é:
Aurora Valentina Varela Caabeiro

O xuri decide por unanimidade deixar desertos o segundo e o terceiro premio nesa modalidade.

A entrega dos premios terá lugar o venres, día 3 de decembro, ás 13 horas, na sala de reunións do Consello de Goberno da Reitoría da Universidade da Coruña (2º andar)

Composición do xuri

D. Luís Caparrós Esperante
presidente

D.^a Goretti Sanmartín Rei
secretaria
con voz mais sen voto

D. Xesús P. González Moreiras

D.^a Fabiola Sotelo Blanco

D. Manuel Núñez Singala

D. Anxo Lorenzo Suárez

D.^a Marica Campo

D.^a Socorro García Conde

A Coruña, 30 de novembro de 2004



Servizo de Normalización
Universidade da Coruña

A Coruña novembro 2005
deposito legal